

<b>Rama de coñecemento:</b>	Xurídico-Social
<b>Prazas ofertadas:</b>	25
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do Traballo Fin de Mestrado:</b>	6
<b>Presencialidade:</b>	Presencial
<b>Universidades participantes:</b>	U. de Vigo

## Descrición:

O Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible é un título de posgrao oficial adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior. O noso obxectivo é formar profesionais polivalentes no ámbito da xestión empresarial e pública, da enerxía e a sustentabilidade. Os tres elementos fundamentais que nos diferencian son:

- Un programa académico completo e actualizado.
- Un cadro de profesorado de recoñecido prestixio, que combina docentes do ámbito académico con profesionais das empresas e as administracións públicas.

Unha rede excepcional de institucións e empresas colaboradoras nas que o noso alumnado realizan prácticas.

## Perfil de ingreso recomendado:

O perfil multidisciplinar do Mestrado, deseñado para formar profesionais polivalentes, estende o abano de candidatos/as a calquera persoa titulada universitaria. Non obstante, terá preferencia quen proveña de titulacións dos ámbitos científico, tecnolóxico e xurídico-social afíns ao desenvolvemento sostible como, por exemplo, Ciencias do Mar, Bioloxía, Química, Ciencias Ambientais, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Forestal, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Empresariais, Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Dirección e Xestión Pública, Turismo, etc.

O MXDS busca a máxima internacionalización e promove a participación de alumnado estranxeiro, por ese motivo, reserva unha cota para alumnado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior.

## Saídas profesionais:

Non existe un listado exhaustivo de posibles saídas porque estas son tan amplas e variadas como os propios perfís de entrada do alumnado e as súas preferencias á hora de especializarse. So a modo de exemplo, algunhas das posibles saídas profesionais do MXDS son:

- Empresas con departamento de xestión ambiental.
- Empresas de auditoría e consultaría ambiental.
- Organismos con competencias a nivel de medio ambiente ou da xestión dos recursos naturais (agricultura, enerxía, pesca, turismo).
- Empresas onde as cuestións ambientais e enerxéticas son particularmente relevantes (industria, agroindustria, distribución, turismo, etc.)

## + Info:

<b>Coordinador/a:</b>	Pilar Piñeiro García
<b>Páxina Web mestrado:</b>	mxds.es
<b>Páxina Web centro:</b>	<a href="http://fccee.uvigo.es/">http://fccee.uvigo.es/</a>
<b>Código RUCT:</b>	4310386
<b>Enlace ao RUCT:</b>	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4310386&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4310386&amp;actual=estudios</a>
<b>Teléfono de contacto:</b>	
<b>Dirección de contacto:</b>	<a href="mailto:mxdsostible@uvigo.es">mxdsostible@uvigo.es</a>